



BASES XERAIS REGULADORAS DO FUNCIONAMENTO DO BANCO MUNICIPAL DE LIBROS DE TEXTO PARA O CURSO 2023/2024.

INTRODUCCIÓN

De conformidade co indicado no artigo 25.2.n da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, os Concellos teñen como competencia propia participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención de solares necesarios para a construción de novos centros docentes; igualmente, se asumen obrigas no que respecta á conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local dedicados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria e de educación especial.

Non podendo, pois, asumir o Concello a adquisición dos libros de texto e dada a actual crise e aumento nos prezos que se está a producir, sí se entende que se pode colaborar coa Biblioteca Pública Municipal e co CEIP Santa María de O Valadouro, formando un Banco Municipal de Libros de Texto.

Coñecido é que a evolución educativa dunha sociedade está intimamente relacionada coa prosperidade social e económica da mesma; asimesmo actualmente co gran incremento dos prezos en todos os sectores diminúe o poder adquisitivo das familias, co conseguinte esforzo económico que teñen que realizar as familias para a adquisición de libros de texto e material escolar para que os seus fillos realicen os estudos obrigatorios.

Conscientes da importancia do indicado, o Concello de O Valadouro, contempla como obxectivo estratéxico, entre outros, a creación dun Banco Municipal de Libros de Texto para colaborar coa Biblioteca Pública Municipal, co CEIP Santa María de O Valadouro e coas familias dos alumnos do CEIP Santa María de O Valadouro ao entregarse aos alumnos libros de texto en concepto de préstamo.

1.- OBXECTO E FINALIDADE.

É obxecto destas bases regular o funcionamento dun Banco Municipal de Libros de Texto para os alumnos no CEIP Santa María do Valadouro que cursen estudos en educación primaria, adquirindo os libros que formarán parte do acopio de material da Biblioteca Pública Municipal.

A finalidade é reducir o esforzo económico que teñen que realizar as familias á hora de adquirir o material que precisan os seus fillos para cursar os estudos comprendidos entre 1º e 4º de primaria, por ser imprescindible a utilización de libros de texto.

A tales efectos os estudantes deben estar matriculados no CEIP Santa María de O Valadouro nos cursos de 1º, 2º, 3º e 4º de primaria.

2.- CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A contía máxima destinada á adquisición de libros de texto é de seis quinientos

CONCELLO DO VALADOURO

Feira Nova, nº1, O Valadouro. 27770 Lugo. Tfno. 982574000. Fax: 982574303





euros (6.500) que se imputarán con cargo á partida 323.48 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal.

Adquiriranse libros de texto ata esgotar a partida orzamentaria. No suposto de que o número de solicitudes presentadas na convocatoria correspondente que cumpran os requisitos das presentes bases superase a cantidade orzamentaria total asignada, a mesma non se verá modificada, reducíndose en todo caso de forma proporcional a contía de libros asignada por cada menor.

3.- BENEFICIARIOS.

O uso de libros do Banco Municipal de Libros de Texto poderá ser solicitado polos proxenitores ou titores legais dos alumnos que cursen estudos de educación primaria no CEIP Santa María do Valadouro.

4.- REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES.

a.- Deberán ser proxenitores ou titores legais de alumnos que cursen estudos de educación primaria no CEIP Santa María de O Valadouro comprendidos entre os cursos de 1º e 4º de primaria.

b.- O curso no que se atopen matriculados os alumnos deberá precisar o uso e adquisición de libros de texto. Tendo en conta que os alumnos de 5º e 6º de primaria usan a plataforma Edixgal non será preciso que estes alumnos adquiren libros de texto.

c.- No momento de formular a súa solicitude, deberase indicar o importe da axuda para libros recibida por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidades.

5.- CRITERIOS DE REPARTO.

Unha vez recibidas todas as solicitudes, analizaranse as mesmas realizando unha listaxe de persoas admitidas e excluídas, na cal se indicará si son perceptores de axudas para a adquisición de libros de texto por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o importe das mesmas e comprobarase a dispoñibilidade de libros de texto no centro educativo.

Realizada a listaxe de persoas admitidas, procederase á adquisición dos libros de texto necesarios ata o esgotamento de crédito.

Posteriormente procederase a adxudicar o reparto de libros de texto segundo os seguintes criterios de preferencia e realizarase unha listaxe cos libros que lle corresponden a cada alumno:





1- Alumnos de 1º e 2º de educación primaria:

- 1º. Beneficiarios de axudas da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade de 240€ para libros de texto, por terse en conta o nivel de renda per cápita da unidade familiar, que recibirán por parte do Banco municipal de libros de texto:
 - a. Alumnos de 1º de primaria: 1PRI caderno lectoescritura construíndo mundos (1-1)
 - b. Alumnos de 2º de primaria: 2-1PRI CAD LINGUA Construíndo mundos
- 2º. Beneficiarios de axudas da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade de 160€ para libros de texto, por terse en conta o nivel de renda per cápita da unidade familiar, que recibirán por parte do Banco municipal de libros de texto os libros:
 - a. Alumnos de 1 de primaria: 1PRI CC. DA NATUREZA Construíndo mundos e 1PRI MATEMÁTICAS Construyendo mundos Mochila Ligera
 - b. Alumnos de 2º de primaria: 2PRI LENGUA Mochila ligera. Construyendo mundos e 2PRI MATEMÁTICAS Mochila ligera Construyendo mundos
- 3º. Resto de persoas solicitantes, que recibirán a totalidade dos libros de texto ata o esgotamento de crédito dispoñible.

2- Alumnos de 3º e 4º de educación primaria:

Tendo en conta que varios dos alumnos que cursan 3º e 4º de primaria teñen dereito a recibir a totalidade dos libros de texto do fondo de libros da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, estes alumnos non precisarán do Banco municipal de libros de texto e non deberán presentar a súa solicitude.

- 1º. Beneficiarios do fondo de libros da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade de 4 libros de texto, por terse en conta o nivel de renda per cápita da unidade familiar, que recibirán por parte do Banco municipal de libros de texto:
 - a. Ao non existir cambio de libros para o curso de 3º de primaria e tendo existencias do banco municipal de libros de texto, completaranse aqueles exemplares que sexas precisos e repartiranse entre o alumnado, obtendo todos a totalidade dos libros.





- b. Alumnos de 4º de primaria: 9788466836562 (Lingua Estranxeira - Inglés) e 9788491856986 (Ciencias Sociais)

2º. Resto de persoas solicitantes, que recibirán a totalidade dos libros de texto ata o esgotamento de crédito dispoñible.

6.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS SOLICITANTES

- a.- Impreso de solicitude (Anexo I).
b.- Fotocopia do D.N.I. ou N.I.E. da persoa solicitante.

A presentación da solicitude implicará a autorización ao Concello de O Valadouro para obter calquera tipo de información a través de entidades públicas ou privadas, sobre os datos do solicitante e a súa unidade familiar necesarios para determinar a obtención ou non de libros do Banco Municipal de Libros de Texto.

7.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas interesadas poderán presentar as súas solicitudes nas Oficinas Xerais do Concello de o Valadouro,, nas oficinas situadas na primeira planta do Centro Sociocultural, Xuvenil e da Terceira Idade Manuel Lourenzo e na Sede Electrónica do Concello de O Valadouro.

Asímesmo, tamén poderán presentarse ditas instancias no rexistro e oficinas, de acordo co previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo para a presentación de solicitudes iniciárase o día **17 de agosto de 2023 e rematará o día 28 de agosto de 2023.**

8.- INSTRUCIÓN, TRAMITACIÓN DO PROCEDIMENTO

1.- As solicitudes reguladas nas presentes Bases deberán conter toda a documentación que nas mesmas se regula.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación esixida, requirirase á persoas solicitante para que no prazo de 10 DÍAS HÁBILES emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos.

2.- Aprobación da convocatoria:

A convocatoria será aprobada pola Xunta de Goberno Local do Concello de O Valadouro. O importe de adquisición de libros segundo as presentes bases serán financiadas





con cargo á aplicación orzamentaria que veña determinada nos orzamentos municipais para o exercicio económico do ano correspondente, podendo avocarse esta competencia en caso de urxencia.

A resolución de concesión de libros de texto queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos xerais do ano correspondente.

3.- Instrución:

A instrución do procedemento corresponderá ao Instrutor nomeado pola Alcaldía, órgano que ditará o Informe-Proposta de Resolución debidamente motivada, que en cada caso proceda e que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos que se debe formular a proposta de resolución.

A proposta de resolución realizada polo órgano instrutor, deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión de libros de texto, especificando a valoración de favorable ou desfavorable, e a contía de libros correspondente. Esta proposta elevarase á Alcaldía, quen emitirá proposta de Resolución Provisional que se fará pública aos interesados a través do taboleiro de anuncios, sede electrónica e na páxina web do Concello, dando un prazo de dez días hábiles para presentar alegacións.

4.- Resolución:

Informadas polo órgano instrutor as alegacións que se presenten, este elevará a proposta de resolución definitiva, que deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión de libros e a súa cantidade.

A resolución notificarase aos interesados por publicación no taboleiro de anuncios e sede electrónica.

Prescindirase deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos ou outras alegacións e probas que as aducidas polas persoas interesadas. Neste caso, a proposta de resolución provisional formulada terá o carácter de definitiva.

As propostas de resolución provisionais e definitivas non crean ningún dereito a favor da persoa beneficiaria proposta, fronte á administración, mentres non se lle notificara a resolución definitiva de concesión.

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de participación no Banco Municipal de Libros de Texto corresponderá á Alcaldía, previa fiscalización do gasto polo Departamento de Secretaria- Intervención.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non excederá de SEIS MESES e se computa a partir da publicación da correspondente convocatoria.





9.- MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión dos libros de texto poderá dar lugar á modificación da resolución de admisión no Banco Municipal de Libros de Texto e eventualmente baixa na mesma, se fose o caso.

10.- ENTREGA DE LIBROS.

Unha vez publicada a listaxe de persoas admitidas con indicación dos libros de texto que lle corresponde, o Concello adquirirá os libros incluídos na listaxe, os cales non serán en ningún caso propiedade particular senón fondos bibliográficos da Biblioteca Pública Municipal, confeccionará os lotes de libros por alumno e curso e procederá á entrega dos mesmos ao centro escolar.

11.- COMPATIBILIDADES.

O Banco Municipal de Libros de texto é compatible co fondo solidario de libros de texto e axudas reguladas na Orde do 10 de maio de 2023 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade.

12.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Son obrigas das persoas beneficiarias do Banco Municipal de Libros de Texto regulado nas presentes bases as seguintes:

- 1.- Asegurar o correcto uso e coidado dos libros de texto.
- 2.- Devolver os libros de texto ao centro educativo unha vez finalizado o curso en correcto estado de uso. En caso de non devolver os libros non poderá ser beneficiario do Banco Municipal de Libros de Texto nos vindeiros cursos.
- 3.- Repoñer aqueles libros de texto pertencentes ao Banco Municipal de Libros de Texto que foran escritos ou deteriorados. En caso de non repoñer os libros non poderá ser beneficiario do Banco Municipal de Libros de Texto nos vindeiros cursos.
- 4.- A presentación da solicitude obriga á persoa solicitante á aceptación das Bases que rexen o procedemento.

13.- VERIFICACIÓN E CONTROL DA DEVOLUCIÓN DE LIBROS

Unha vez finalizado o curso escolar procederase á revisión dos libros pertencentes ao Banco Municipal de Libros de Texto e requirirase a reposición de aqueles que se atopen danados aos proxenitores ou titores legais dos alumnos que corresponda, quedando excluídos para vindeiros cursos no caso de non efectuar a reposición.

Desta actuación levantarase a oportuna Acta.





14. FIN DA VIA ADMINISTRATIVA

O acto de resolución de persoas admitidas no Banco Municipal de Libros de Texto esgota a vía administrativa, podendo interperse recurso potestativo de reposición no prazo de un mes, ou ben directamente contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

DECRETO
Número: 2023-0418 Data: 17/08/2023

Cod. Validación: 9YPY034FYMGJ662WDTKRAN7LJ
Corrección: <https://valadouro.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 8





BANCO MUNICIPAL DE LIBROS DE TEXTO

Centro Educativo: CEIP SANTA MARÍA DO VALADOURO

Nome da nai/pai/titor/a _____ DNI/NIE _____

Domicilio _____ CP _____

Localidade _____ Provincia _____ Teléfono _____

Correo electrónico _____

Nome do alumno solicitante _____

SOLICITUDE DE LIBROS

CURSO:	
MATERIAS:	

Cheque da Xunta de Galicia:

Si Non Importe: 210€ 140€

Fondo de Libros da Xunta de Galicia:

Si Non

- ✘ Como pai/nai/titor/a do alumno/a solicitante do Programa de Banco de Libros, comprométome a cumprir co estipulado nas Bases Reguladoras e a devolver os libros que recibo en calidade de préstamo en bo estado de conservación, ao remate do curso académico 2023/2024, de non ser así responsabilízome a repoñer os danados, sendo coñecedor de que de non facelo así non poderei ser beneficiario do Banco Municipal de Libros de Texto nos vindeiros cursos.

Asdo.:

O Valadouro, a _____ de _____ de 2023

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RGPD), informámolo de que o responsable de tratamento dos seus datos persoais é o Concello de O Valadouro con dirección en C/ Feira Nova, 1, CP 27770, O Valadouro. (Lugo). Os seus datos persoais serán empregados para a xestión do expediente administrativo solicitado por vostede a través do presente formulario. La lexitimación para o tratamento dos seus datos persoais é o cumprimento dunha obriga legal. Os datos persoais cederanse cando exista una obrigación legal para cedelos. Vostede ten dereito a acceder, rectificar o suprimir os seus datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar na oficina da entidade sita en la dirección arriba indicada ou ben solicitándoa a través da sede electrónica do Concello: <https://valadouro.sedelectronica.es/info.0>

CONCELLO DO VALADOURO

Feira Nova, nº1, O Valadouro. 27770 Lugo. Tfno. 982574000. Fax: 982574303

DECRETO
Número: 2023-0418 Data: 17/08/2023

Cod. Validación: 9YPY034FYMG1662WDTKRAN7LJ
Corrección: <https://valadouro.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 8

